

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 27 DE XULLO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE DIEGO CALVO POUSO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Barro da estrada EP-0509 e dos treitos antigos das estradas EP-0506 e EP-9407.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Terras de Compostela para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Nova experiencia enogastronómica e incremento da cota de mercado do destino Terras de Santiago no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón trescentos mil euros (1.300.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación suxeita a regulación harmonizada, procedemento aberto, tramitación ordinaria, do servizo de mantemento dos edificios destinados a sedes da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe de licitación de catro millóns trescentos dez mil douscentos trinta e nove euros con sesenta e seis céntimos (4.310.239,66 €) IVE incluído, e un valor estimado de oito millóns cincocentos corenta e nove mil douscentos trinta e cinco euros con setenta céntimos (8.549.235,70 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia Primeira, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Sanxenxo para acometer a execución das obras de reparación e melloras do pavillón de Vilalonga, cun investimento de douscentos corenta e nove mil cento un euros con setenta e dous céntimos (249.101,72 €), IVE incluído.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) para a contratación do servizo para a "xestión integral das plantas de transferencia de Sogama" (2023G-DTE-0004-SARA-SE), cun valor estimado de corenta e un millóns catrocentos dezaseis mil cento setenta e oito euros con dez céntimos (41.416.178,10€ sen IVE) e un importe de licitación de vinte e sete millóns douscentos sesenta e un mil oitocentos setenta e un euros con trinta e tres céntimos (27.261.871,33€ con IVE).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) nas rutas de acceso polo norte á cidade da Coruña.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto da planta de produción de hidróxeno renovable de Meirama, en Cerceda (A Coruña), promovida por H2MEIRAMA, S.L.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o programa Retorna Talento FP, para persoas galegas residentes no estranxeiro interesadas en retornar e cursar determinados estudos de formación profesional que se inicien no curso académico 2023/24 en centros educativos de Galicia, por importe de novecentos sesenta mil euros (960.000,00 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da adxudicación das subvencións derivadas da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela sobre a observación da mobilidade e o mercado da terra en Galicia, por importe máximo de cento trinta e dous mil euros (132.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria 2023 de plans de mellora para explotacións especializadas na produción vexetal.
- Informe sobre o Convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) e a Xunta de Galicia (Consellería do Medio Rural) para o establecemento de procedementos de intercambio de información e actualización de datos catastrais.
- Informe sobre as convocatorias de axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas. Convocatoria de axudas 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE BARRO DO RAMAL DA IGREXA-PORTELA E DE DOUS TREITOS ANTIGOS DOUTRAS DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírese ao Concello o treito inicial de 270 metros de lonxitude da EP-0509 e os treitos antigos da EP-0506 Curro-Portela e da EP-9407 A Goulla-Porráns, de 118 metros e 106 metros de lonxitude, respectivamente
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Barro da estrada provincial EP-0509, ramal da Igrexa-Portela, e de dous treitos antigos da EP-0506 Curro-Portela e da EP-9407 A Goulla-Porráns.

O Concello de Barro e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destas vías.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito inicial de 270 metros de lonxitude da EP-0509, ramal da Igrexa-Portela.

Ademais, informou favorablemente do cambio de titularidade do treito antigo final da marxe esquerda da EP-0506, no lugar de Briadoiro. Casa Florita, de 118 metros lineais, desde o quilómetro 3+600 á N-550, así como do treito antigo da marxe esquerda da estrada EP-9407, no lugar de Lourido-Perdecanaí, acceso á N-550, á altura do quilómetro 6+400.

A transferencia a prol do Concello de Barro tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Barro terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

Treito inicial da estrada provincial EP-0509 ramal da Igrexa-Portela:



Treito antigo final da EP-0506 Curro-Portela:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Treito antigo da EP-9407 A Goulla-Porráns:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZA OS CURRÍCULOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E DE BACHARELATO PARA DAR CABIDA ÁS TRES NOVAS MATERIAS OPTATIVAS NESTAS ETAPAS

- O Consello da Xunta dá luz verde aos decretos de modificación de ambas as etapas, que garantirán unha mellor adaptación do sistema educativo galego ás necesidades presentes e futuras
- O próximo curso entrarán en funcionamento as novas optativas de Cultura Financeira e Intelixencia Artificial en ESO e Tecnoloxías Intelixentes en bacharelato

O Consello da Xunta aprobou os decretos de actualización dos currículos educativos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato co fin de dar cabida á incorporación de novas materias optativas.

Precisamente, ao abeiro desta modificación, o próximo curso escolar entrarán en funcionamento as novas materias optativas de Cultura Financeira (3º de ESO), Intelixencia Artificial para a Sociedade (4º de ESO) e Tecnoloxías Intelixentes (1º de bacharelato).

Tal e como recollen ambos os decretos, o desenvolvemento curricular é unha oportunidade para acometer os cambios precisos de cara a que as ensinanzas do sistema educativo galego se adapten aos requirimentos estatais e, ao mesmo tempo, se adianten ás necesidades presentes e futuras da sociedade galega, conforme as directrices da Unión Europea e da Unesco para a década 2020-2030.

De aí que os novos textos recollan unha formulación aberta, que posibiliten a incorporación de novas materias a través das cales se amplíen os coñecementos ou competencias que poidan xurdir ou facerse necesarias nun futuro.

Así pois, tanto no decreto de ESO coma no de bacharelato aprobados hoxe recóllese que a persoa titular da consellería competente en materia de educación poderá ampliar a oferta de materias optativas e establecer o currículo correspondente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA PARA A EXECUCIÓN DO PSTD NOVA EXPERIENCIA ENOGASTRONÓMICA E INCREMENTO DA COTA DE MERCADO

- O proxecto conta con 1,3 millón de euros e inclúe unha instalación fotovoltaica no mercado da Carballeira, un centro de experiencias gastronómicas, a tenda gastronómica Taberna do Bispo e un centro de visitantes do destino enogastronómico, entre outros
- O proxecto está incluído no marco do Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Terras de Compostela para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Nova experiencia enogastronómica e incremento da cota de mercado do destino Terras de Santiago, que conta cun orzamento de 1,3M €.

Este Plan inclúe actuacións en liñas estratéxicas que procuran a mellora da xestión turística do destino a través do incremento da calidade dos produtos e servizos turísticos entre as cales destacan: mercados gastronómicos; restauración ambiental no camiño dos Arrieiros; ordenación do uso turístico de ribeiras e cauces; mobilidade sustentable na Ponte Ulla, na senda dos pescadores e viticultores do río Ulla e na senda agropecuaria de Ames.

Engloba tamén actuacións como o reforzo das sendas agrarias de Brión; unha instalación fotovoltaica no mercado da Carballeira; a dixitalización do destino; un centro de experiencias gastronómicas; o reforzo da oferta na Carballeira; a tenda gastronómica Taberna do Bispo; un centro de visitantes do destino enogastronómico, así como a creación e promoción de produtos enogastronómicos e de produtos de turismo activo

Plan territorial enogastronomía

O Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia ten como obxectivo a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel, poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia. Está dotado dun orzamento de 31,9 millóns de euros, e está estruturado arredor de 3 actuacións de cohesión en destino (ACD), cun investimento de 14,9 millóns de euros e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 17 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable desde os destinos e a potenciación do territorio enogastronómico galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo son os obxectivos arredor dos cales se vertebra este plan, cun forte contido na dixitalización e na innovación gastronómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRAMITACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DOS EDIFICIOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

O novo contrato terá unha vixencia de 24 meses prorrogables e un importe anual previsto de 2,1M €

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de mantemento dos edificios destinados a sedes da Administración de xustiza na comunidade, que terá un importe de licitación de máis de 2,1 millóns de euros anuais cunha vixencia de 24 meses prorrogables.

A nova licitación terá por obxecto determinar as condicións a que se axustará a prestación do servizo de mantemento dos edificios xudiciais e dos seus equipamentos.

A licitación inclúe novas prestacións que suporán unha mellora na execución do servizo con respecto ao contrato vixente como, por exemplo, a actualización e modernización de ascensores; o mantemento do circuíto pechado de televisión e intrusión (CCTV); inspeccións dos sistemas de protección contra incendios (PCI); certificados de eficiencia enerxética, servizos especializados, así como programas de control dos equipamentos de enerxía térmica e de biomasa e de subministración de biocombustible para os xeradores; programas de control de novas instalacións e de medicións de enerxía e novos equipamentos e instalacións.

Por outra banda, adecúanse os custos de persoal ás actualizacións producidas nos derradeiros anos con base nos convenios colectivos de aplicación.

Finalmente, o contrato recolle unha revisión dos prezos como consecuencia do incremento de custo das subministracións necesariss para a correcta execución do servizo, sobre todo polo aumento da enerxía e dos combustibles e das materias primas, pezas e materiais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO PARA A REMODELACIÓN DO PAVILLÓN DE VILALONGA, EN SANXENXO, POR UN IMPORTE DE 250.000 EUROS

- A Xunta de Galicia financiará as ditas actuacións coa cantidade de 175.000 euros para os exercicios 2023 e 2024 e o Concello de Sanxenxo, os restantes 75.000 euros
- A actuación inclúe a reparación da cuberta, a impermeabilización, a substitución de carpintarías, a reparación e pintado de zonas interiores, a mellora das bancadas, a mellora da iluminación interior e exterior e a mellora da pista deportiva

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Sanxenxo para acometer a execución das obras de reparación e melloras do pavillón de Vilalonga. A obra contará cun investimento de preto de 250.000 euros (249.101,72 euros), cuxas actuacións a Xunta de Galicia financiará coa cantidade de 175.000 euros para os exercicios 2023 e 2024 e o Concello de Sanxenxo, os restantes 75.000 euros.

O Concello de Sanxenxo dispón dun pavillón deportivo nunha parcela na parroquia de Vilalonga, nos terreos anexos ao Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe de Vilalonga. Esta é unha instalación municipal referente en canto a volume de utilización pola veciñanza. A actuación que se vai acometer comprende as obras de reparación e melloras do pavillón. A actuación inclúe a reparación da cuberta, a impermeabilización, a substitución de carpintarías, a reparación e pintado de zonas interiores, a mellora das bancadas e a mellora da iluminación interior e exterior. Ademais, mellorarase a superficie da pista deportiva.

Actualmente este pavillón está a ser utilizado polo IES de Vilalonga para realizar as clases de Educación Física e tamén polo Club Sanxenxo de Balonmán para os seus adestramentos, así como polo club de fútbol sala Asociación Xuvenil Saraiba do Mar.

O deporte galego acada en 2023 o maior orzamento da serie histórica superando os 44 millóns de euros, un orzamento que se incrementa un 36 % con respecto a 2022 (32,5 millóns) e superando por vez primeira os 41,2 millóns de 2009. Cómpre salientar que deste orzamento total preto de 20 millóns de euros (19,84 millóns) dedícanse á construción e mellora de instalacións deportivas, o 45 % de todo o orzamento récord da Secretaría Xeral para o Deporte.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA LICITAR POR 27,26 M € A XESTIÓN INTEGRAL DA REDE DE PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE SOGAMA

- O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, subliña que ás 20 instalacións que estaban ata agora baixo a titularidade da empresa pública sumaranse “cinco novas plantas en Curtis, Ponteceso, A Lama, Arbo e Riotorto”
- Todas as plantas terán capacidade para transvasar residuos procedentes do contedor xenérico (bolsa negra), amarelo (envases, latas e briks) e marrón (orgánico)
- A ampliación da rede de plantas permitirá superar as 710.000 toneladas anuais de residuos xestionados nestas instalacións
- O contrato inclúe os traballos de operación, limpeza e mantemento das instalacións, ademais de prever investimentos por 3,6 M € na execución dunha serie de melloras técnicas e operativas co fin de optimizar o funcionamento de toda a rede

O Consello da Xunta autorizou esta mañá licitar por un importe de 27,26 millóns de euros a xestión integral da rede de plantas de transferencia de residuos de Sogama. “Trátase dos puntos intermedios nos que se trasvasan e clasifican os residuos que se recollen nos municipios” antes de chegar ao centro de tratamento, indicou o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo.

A función das plantas de transferencia é transvasar as distintas tipoloxías de residuos que competen a Sogama (bolsa amarela e negra e, proximamente, a marrón) desde os camións de recollida municipal dos concellos adheridos —na actualidade 295 que suman unha poboación de máis de 2,2 millóns de habitantes— a contedores de maior capacidade, aptos para ser transportados, por tren ou por estrada, nas mellores condicións hixiénicas e de seguridade ata as instalacións que ten a empresa pública no Complexo Medioambiental de Cerceda e, en breve, ás plantas de compostaxe de biorresiduos de cada provincia.

Calvo salientou que á rede de plantas de transferencia que actualmente está formada por 20 centros —Cee, Boiro, Narón, Santa Comba, Santiago de Compostela, Ortigueira, Lugo, Viveiro, Barreiros, Monforte de Lemos, Chantada, Sarria, Becerreá; Vigo, O Porriño, Ribadumia, O Rosal, Silleda; Ourense e A Rúa— “van sumarse outras cinco plantas na Lama, Arbo, Curtis, Ponteceso e Riotorto”. “Todas son construídas pola Xunta para substituír ás microplantas que xa existían”, indicou.

Deste xeito e grazas ás melloras e adaptacións acometidas pola Xunta, en 13 das 25 plantas da rede poderase transvasar, ademais da bolsa amarela (que contén envases de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

plástico, latas e briks) e negra (fracción resto procedente do contedor xenérico), a bolsa marrón coa materia orgánica, contando cunha tolva específica para esta.

Ademais, ao dispoñer dun maior número de puntos para a transferencia dos residuos tamén se prevé un incremento da capacidade total do operativo ao servizo de Sogama, que o ano pasado transvasou 690.000 toneladas e coa incorporación das 5 novas plantas prevese que pase a xestionar máis de 710.000 toneladas anuais.

A duración do contrato é de 3 anos, contemplándose 2 prórrogas anuais e unha excepcional que non poderá superar os 9 meses, cun investimento estimado de 41,4 millóns de euros.

O novo contrato para a xestión integral da rede de plantas de transferencia abrangue tanto a actividade operativa, a limpeza e o mantemento de todas as plantas, como unha serie de melloras técnicas e operativas para optimizar o seu funcionamento.

Entre as actuacións previstas no contrato, que suporán un investimento de 3,6 millóns de euros do orzamento total de licitación, cítanse a continuación algunhas das máis relevantes. Así, na planta de Guixar, en Vigo, deberán adecuarse as estruturas metálicas, tanto da nave na que se realiza a transferencia de residuos como da nave na que se sitúa a depuradora, habilitando na EDAR un novo sistema de pretratamento de augas residuais. Tamén se construírá un vestiario para o persoal.

Na do Porriño deberán restaurarse todos os elementos que conforman as estruturas metálicas e, na de Lugo, acondicionarase a chaira de manobras da instalación e optimizarase o funcionamento dos sistemas de recollida e xestión de augas pluviais. Esta e a planta de transferencia de Narón contarán con novas EDAR. Pola súa banda, na de Silleda adecuarase a zona de acceso á plataforma de descarga.

Así mesmo, a actual planta de Cee deberá ser desmantelada cando o servizo pase a desenvolverse na nova, que se atopa actualmente en fase de construción.

Ademais, habilitarase unha nova liña de lodos nas plantas de Santiago, Chantada, Monforte, Ortigueira, O Rosal e A Rúa. E, adicionalmente, dotarase á de Monforte cun punto de transvasamento para a materia orgánica recollida nos contedores marróns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 65 PARADAS DE AUTOBÚS EN 10 CONCELLOS DA CONTORNA DA CORUÑA E DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 2,6 M €

- Actuarase no ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade da Coruña nun total de 9 estradas autonómicas ao paso polos concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral, Curtis, Oza-Cesuras, Boimorto, Melide, Mesía e Ordes
- As intervencións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- As obras licitaranse a finais de ano para comezar os traballos na primavera
- Como resultado da información pública, incorpórase a subministración e instalación dun refuxio para unha parada na costa da Tapia, no concello de Cambre
- A Xunta tamén deu conta hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para o citado proxecto
- Estas intervencións enmárcase no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M € para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 65 paradas de autobús situadas en 10 concellos das contornas da Coruña e de Santiago de Compostela que suporán un investimento de preto de 2,6 millóns de euros.

O Goberno galego tamén deu conta da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos nos concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral, Curtis, Oza-Cesuras, Boimorto, Melide, Mesía e Ordes.

A aprobación definitiva do proxecto inclúe, tamén, a declaración de utilidade pública para desenvolver estes proxectos nun total de 9 estradas de titularidade autonómica (AC-621, AC-211, AC-213, AC-221, AC-230, AC-400, AC-524, AC-542 e AC-840). Estas intervencións afectarán un total de 66 predios, polo que se dispón tamén a urxente ocupación para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación definitiva é de 3.587,30 m².

A Xunta prevé licitar as obras e convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no cuarto trimestre deste ano 2023, para comezar os traballos na primavera.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, con este proxecto para actuar no ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade da Coruña, melloraránse 15 paradas en Abegondo; 11 en Betanzos; 22 en Cambre; 1 en Carral; 3 en Curtis; 9 en Oza-Cesuras; 1 en Boimorto; 1 en Melide; 1 en Mesía e 1 en Ordes.

As actuacións proxectadas comprenderán o acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas. Tamén se prevé a instalación de novas marquesiñas, ademais de actuacións complementarias de drenaxe, condución de servizos ou colocación de varandas para protexer os usuarios aí onde poida haber desniveis.

No marco destas intervencións, en primeiro lugar, priorízase a localización óptima destas infraestruturas, en tramos rectilíneos e con visibilidade, en treitos nos cales a pendente da estrada é menor, próximas aos itinerarios accesibles e en zonas iluminadas.

As intervencións que se acometerán nas paradas consistirán en melloras do equipamento, como a dotación de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade, como a eliminación de vexetación, a mellora da visibilidade e da iluminación ou a ampliación do espazo ao redor das paradas.

As actuacións tamén prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

Como resultado da información pública, incluírase nas actuacións a subministración e instalación dun refuxio adicional para unha parada na costa da Tapia, no concello de Cambre.

O obxectivo do Goberno galego con estas intervencións é incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos no uso do transporte público, fomentando a diminución do uso dos movementos de curto e medio percorrido en transporte privado, con orixe ou destino nas cidades de maior poboación, o que redundará nunha diminución das emisións de xeito gradual.


Estes proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co cal a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M € para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea–NextGenerationEU e enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Plano de situación das paradas:



Imaxes exemplo de planta das actuacións que se van executar e tipoloxía das paradas que se van instalar nestas estradas autonómicas:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Marquesina modelo urbano



Marquesina modelo rural

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A PLANTA DE HIDRÓXENO RENOVABLE DE NATURGY, REPSOL E REGANOSA EN CERCEDA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO

- O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes asegura que o obxectivo é “seguir posicionando Galicia como referente internacional na produción de hidróxeno verde”
- Salienta que esta fábrica vai actuar de “revulsivo” para dinamizar unha zona afectada pola “abrupta transición enerxética” levada a cabo polo Goberno central
- A iniciativa H2 Meirama situarase na localización da antiga central térmica e supón un investimento de 64 millóns de euros
- Contará cunha potencia inicial de 30MW, o que permitirá obter unha produción de 4.500 toneladas ao ano
- Esta declaración enmárcase dentro da Lei de simplificación administrativa, facilitando a redución á metade dos prazos e mantendo ao mesmo tempo as garantías técnicas, xurídicas e medioambientais
- Trátase do sexto proxecto industrial estratéxico, e súmase así á planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP Renovables, a fábrica de pneumáticos de Sentury e a planta de biofibra reciclada de Ence -as tres nas Pontes de García Rodríguez-, a planta de metanol verde de Forestal del Atlántico en Mugardos e a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que o Consello aprobou na súa reunión semanal a declaración como proxecto industrial estratéxico da planta de hidróxeno renovable H2 Meirama, impulsada polo grupo Naturgy en Cerceda (A Coruña) e que conta tamén coa participación de Repsol e Reganosa. O obxectivo, asegurou, “é seguir posicionando Galicia como referente internacional na produción de hidróxeno verde” no marco da “nova revolución industrial” que está protagonizada polas “enerxías renovables”.

Ademais, Calvo resaltou que este proxecto vai actuar “como revulsivo para dinamizar unha zona” como Meirama que resultou afectada “pola abrupta transición enerxética levada a cabo polo Goberno central” e que tivo como consecuencia o peche da central térmica presente nesta localidade coruñesa.

A iniciativa impulsada por Naturgy, Repsol e Reganosa suporá un investimento superior aos 64 millóns de euros, e contará, nunha primeira fase, cunha potencia inicial de 30MW, o que permitirá obter unha produción de 4.500 toneladas ao ano de hidróxeno renovable.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A planta ampliarase en dúas fases posteriores ata alcanzar 50MW e 200MW respectivamente, acadando unha produción dunhas 30.000 toneladas de hidróxeno renovable ao ano. O proxecto supón un valor engadido nunha zona afectada polo peche da central térmica de Meirama, permitindo reutilizar instalacións existentes e situando Galicia no novo mercado do hidróxeno renovable. Impúlsase así o desenvolvemento da cadea de valor deste vector enerxético en que a comunidade busca posicionarse como referente internacional a través da Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Renovado. Así mesmo, o proxecto ten un importante grao de innovación, xa que permitirá a demostración da operación a grande escala dun electrolizador de potencia industrial.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que busca a captación de investimentos. "Permitirá reducir á metade os prazos para poñer en marcha o proxecto sen perder garantías xurídicas e medioambientais", subliñou Calvo.

A planta cumpre cos requisitos para ser declarada como proxecto industrial estratéxico, entre os que se inclúen superar o investimento mínimo de vinte millóns de euros e complementar cadeas de valor que pertencen a sectores considerados estratéxicos e que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento dos fondos Next Generation. Neste sentido, o proxecto foi seleccionado como beneficiario dunha axuda de 15 millóns de euros dentro do programa europeo de incentivos á cadea de valor innovadora e de coñecemento do hidróxeno renovable.

A iniciativa H2 Meirama súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes de García Rodríguez; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugaros de Forestal del Atlántico; así como a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei e a planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes de García Rodríguez. As seis iniciativas suporán unha mobilización global de 1.852 millóns de euros, segundo as previsións dos promotores dos proxectos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O PROGRAMA RETORNA TALENTO FP CON 1 M € PARA QUE 108 MOZOS DO EXTERIOR CURSEN FORMACIÓN PROFESIONAL EN GALICIA O PRÓXIMO CURSO

- O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, subliña que o obxectivo é “atraer galegos do exterior para que se formen en Galicia e se incorporen ao noso mercado laboral”
- Destaca que o Goberno autonómico “duplica” a oferta de bolsas para estes alumnos no vindeiro curso
- Ademais, resalta que haberá unha nova modalidade de FP dual, con 60 prazas, nas cales os interesados poderán facer unha parte da formación no seu país de orixe e a outra en centros de ensino e empresas en Galicia
- As outras 48 prazas serán para formación específica básica, onde os alumnos recibirán 6.500 € de apoio económico para viaxe, aloxamento e manutención durante o curso
- A iniciativa enmárcase na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que a Xunta vai reforzar o programa Retorna Talento FP cun orzamento de 1 M € para que un total de 108 mozos do exterior cursen formación profesional en Galicia o vindeiro curso a través de dúas modalidades: a formación específica básica e a FP Dual a distancia. O obxectivo “é atraer galegos do exterior para que se formen en Galicia e se incorporen despois ao noso mercado laboral”, indicou.

Logo da experiencia piloto neste pasado curso cunha vintena de alumnos, que tivo moi boa acollida, amplíase agora o número de centros, as modalidades, o número de prazas e as titulacións ofertadas. Tal e como resaltou Calvo, a Xunta “duplica as bolsas” para este alumnado ao pasar das 54 ofertadas o ano pasado ás 108 do vindeiro curso. E ademais, amplía os estudos para os que se poden recibir estas axudas ao incorporar tamén a modalidade de FP Dual a distancia.

Calvo resaltou que esta iniciativa está enmarcada na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 coa “que pretendemos facilitar o regreso de miles de galegos do exterior” e que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e as experiencias profesionais internacionais que acheguen estas persoas que residiron ou naceron no estranxeiro e que agora retornan a Galicia, ao mesmo tempo que se reforza a súa vinculación coa Comunidade Autónoma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

FP dual a distancia

Dentro deste programa, o próximo curso comezará a funcionar a nova modalidade de formación de FP dual a distancia, cun orzamento de 648.000 € e un total de 60 prazas repartidas a razón de 12 nos centros integrados de FP CIFP Ferrolterra (Ferrol), Someso (A Coruña), Universidade Laboral (Culleredo) e nos institutos IES Vilamarín e Chapela (Redondela).

Nesta modalidade, os seleccionados poderán iniciar a súa formación académica no país de orixe e completala coa parte práctica en empresas en Galicia, en función da estrutura dos dous cursos que compoñen cada ciclo.

Así pois, durante o primeiro curso, os estudantes realizarán a primeira parte a distancia desde o país de orixe e unha segunda parte presencial na empresa. No segundo curso académico, haberá unha primeira parte en modalidade semipresencial no centro de formación e unha segunda parte presencial na empresa. Os bolseiros recibirán unha axuda de ata 10.800 euros para os dous anos que dura a formación.

Canto á oferta de ciclos para esta modalidade, poderán cursarse o ciclo superior de Deseño e Amoblamento no CIFP Ferrolterra, o ciclo superior de Proxectos de Edificación no CIFP Someso, o ciclo superior de Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e Fluídos no CIFP Universidade Laboral, o ciclo superior de Xestión de Aloxamentos Turísticos no IES Vilamarín e o ciclo medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia no IES Chapela. En todos os casos, a parte de formación práctica, desenvolverase a través de convenios con empresas referentes das contornas dos centros e dos sectores correspondentes.

Formación específica básica

Nesta modalidade, ofértanse un total de 48 prazas para cursar formación específica básica de Albanelaría e Fontanaría no Centro Integrado de Formación Profesional Someso, na Coruña; e de Fontanaría, Calefacción, Electricidade e Telecomunicacións nos CIFP Universidade Laboral (Culleredo) e no Ferrolterra (Ferrol), a razón de 16 prazas en cada centro.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destina un orzamento de 312.000 € para o curso 2023/24. As bolsas, dotadas con 6.500 € cada unha delas, inclúen a viaxe desde o país de procedencia, o aloxamento e manutención en Galicia e a subscripción dun seguro médico, de ser o caso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 6,9 M € ESTE ANO PARA APOIAR A CONTRATACIÓN DE 259 ORIENTADORES LABORAIS EN 91 CONCELLOS E EN 40 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Consello da Xunta informou hoxe da resolución desta convocatoria de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Finánciase cunha contía máxima de 27.000 euros cada técnico contratado a tempo completo e con 30.000 euros se a entidade sen ánimo de lucro a que se incorpore está especializada no labor con persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social
- Estes profesionais atenden as necesidades das persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego
- A rede de orientadores laborais da Xunta de Galicia está conformada por preto de 660 profesionais: este ano mesmo se reforzou cos 136 novos profesionais permanentes que se incorporaron ás oficinas de emprego, aos cales se suman os axentes de emprego

A Xunta de Galicia destina este ano preto de 6,9 millóns de euros (6.860.225,16 €) en axudas para apoiar a contratación e mantemento de 259 orientadores laborais en 91 concellos e en 40 entidades sen ánimo de lucro de Galicia. O Consello da Xunta informou hoxe da resolución desta convocatoria na súa edición de 2023.

Os contratos teñen unha duración dun ano e estes postos finánciase cunha contía máxima de 27.000 euros por cada técnico en orientación laboral incorporado a tempo completo e con 30.000 euros cando o contrato se desenvolva nunha entidade sen ánimo de lucro especializada que realice actividades de atención á discapacidade e/ou a persoas en risco de exclusión social. Estas contías incrementáronse este ano en 1.000 euros en relación coa convocatoria anterior.

Os orientadores prestan asistencia para o autoemprego e artellan medidas encamiñadas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego (inscritas no Servizo de Emprego de Galicia). Así, entre outras funcións, elaboran diagnoses individualizadas sobre o perfil e necesidades das persoas desempregadas; proporcionan información sobre o mercado de traballo e os distintos incentivos; deseñan itinerarios individuais e personalizados de emprego; ou informan sobre a oferta de accións de formación profesional ou o proceso de recoñecemento das competencias adquiridas.

A mellora da orientación laboral cun enfoque a servizos e dirixida tanto a demandantes de emprego como ás empresas é un obxectivo prioritario da Xunta, polo que Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conta cunha rede de orientadores extensa que acada os preto de 660 profesionais. Así, aos 259 postos que se contratarán ou manterán con estas axudas nos concellos e en entidades sen ánimo de lucro, sumáronse a comezos de ano os 136 novos do servizo propio e permanente de orientación laboral e prospección que se creou neste 2023 grazas a un investimento de arredor de cinco millóns de euros e que se incorporaron ás 53 oficinas de emprego de Galicia. A maiores, cabe sinalar os 220 axentes de desenvolvemento local e, por último, 42 axentes de emprego en entidades sociais que exercen un labor fundamental no apoio á empregabilidade de galegas e galegos.

O fortalecemento da rede de orientación laboral da Xunta enmárcase no amplo proceso de modernización que o Goberno galego está a acometer para facer máis accesibles, máis próximos e máis dinámicos os seus servizos de emprego co obxectivo último de mellorar a empregabilidade de galegas e galegos, mediante a mellora da cualificación profesional ao longo da vida, a través dunha formación flexible e adaptada ás necesidades do mercado e cunha orientación e asesoramento personalizados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA, A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COLABORAN PARA O ESTUDO DA MOBILIDADE DE TERRAS EN GALICIA

- O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela
- O obxectivo é a análise da información que permita facer un seguimento sobre a mobilidade e o mercado de propiedade rústica de terra en Galicia

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Fondo Galego de Garantía Agraria, dependentes da Consellería, e mais a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela, sobre a observación da mobilidade e o mercado de terra en Galicia.

O obxectivo deste convenio é a análise da información que permita facer un seguimento destas cuestións a modo de "Observatorio de Mobilidade de Terras". Deste xeito, recollerase, elaborárase e difundirase información sobre a mobilidade de terras rústicas en Galicia para mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial e municipal e para o conxunto da comunidade. Grazas a este convenio, poderase tamén deseñar e implantar políticas públicas, tendentes a un mellor aproveitamento da terra e dos recursos do territorio, e fornecer datos que axuden ás decisións dos axentes privados.

Para que se poida acceder a estes datos, ofrecerase a información a través dunha plataforma web aloxada no portal do Banco de Terras de Galicia, que servirá de infraestrutura tecnolóxica de referencia sobre mercados e mobilidade de terras rústicas, na que se poderá dispor de taxas de transferencias por parroquia, concello e Comunidade Autónoma, datos estatísticos de prezos por concello e parroquia, evolución anual deste tipo de datos e outros indicadores de oferta y demanda.

Ademais disto, esta colaboración poderá xerar a información que poida ser demandada polas entidades e organismos asinantes deste convenio, co obxectivo de mellorar a eficacia das accións que se desenvolven no eido das súas competencias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 3 MILLÓNS DE EUROS NUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MODERNIZAR AS EXPLOTACIÓNS ESPECIALIZADAS EN PRODUCCIÓN VEXETAL

- O Consello da Xunta avaliou un informe da Consellería do Medio Rural sobre a convocatoria para o ano 2023, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) en breve
- Con estas achegas búscase apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas especializadas en cultivos destinados á alimentación humana e á produción de plantas ornamentais e de flor cortada
- Poderán ser beneficiarios destas axudas todos aqueles titulares de explotacións agrícolas que estean inscritos no Rexistro de Explotacións Agraria de Galicia (Reaga)

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova convocatoria de axudas para plans de mellora en explotacións especializadas en produción vexetal, dotada con tres millóns de euros a cargo do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Así, trátase da terceira convocatoria desta liña de axudas (tras as ordes publicadas nos anos 2018 e 2019) e cuxo obxectivo é apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas especializadas en cultivos destinados á alimentación humana e á produción de plantas ornamentais e de flor cortada.

Desta forma, búscase mellorar os resultados económicos das explotacións agrícolas ao facilitar a súa reestruturación e modernización, incrementando a súa participación e orientación no mercado e diversificando a produción agraria. Do mesmo xeito, búscase reducir a pegada ambiental, diminuíndo as emisións de gases de efecto invernadoiro e de amoníaco procedentes da agricultura.

Neste senso, poderán ser beneficiarios das ditas axudas todos aqueles titulares de explotacións agrícolas que estean inscritos no Rexistro de Explotacións Agraria de Galicia (Reaga). En canto aos investimentos materiais ou inmateriais subvencionables, serán todos aqueles que impliquen unha mellora do rendemento global, da competitividade ou da viabilidade da explotación. Así, entraría dentro desta orde a reforma ou construción de instalacións, a compra de maquinaria, a compra de construcións agrarias en desuso, a plantación e mellora de cultivos leñosos de aptitude frutícola e mesmo a compra de terreos. Como investimento inmaterial, serán subvencionables os gastos como honorarios dos técnicos que elaboren proxectos de construción ou reforma, licenzas de software, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta liña de axudas, a Consellería do Medio Rural pretende promover a diversificación do agro galego a través da potenciación das explotacións agrarias dedicadas á agricultura, posto que este eido produtivo supón unha fonte de ingresos moi diversificada, ten vantaxes ambientais innegables para favorecer a biodiversidade e loitar contra os lumes forestais, ademais de manter os valores paisaxísticos tradicionais dos pequenos núcleos de poboación e do agro galego en xeral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O GOBERNO CENTRAL COLABORARÁN NA ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO CONSONTE O ESTABLECIDO NA LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA

- A Consellería do Medio Rural e a Secretaría de Estado de Facenda asinarán un convenio para intercambiar información e actualizar dos datos catastrais
- A actualización do Catastro é unha competencia exclusiva do Estado, pero na cal Galicia quere colaborar
- Así, a Xunta buscará aproveitar as posibilidades que ofrece a Lei de recuperación para levar a cabo procedementos administrativos de revisión de titularidade, xeométrica e topográfica, daquelas parcelas en que exista un interese por recuperalas e poñelas en valor
- A colaboración farase a través de grupos de traballo que analizarán os posibles procedementos que conduzan á actualización do catastro en eidos como a reestruturación parcelaria e os instrumentos de mobilización da terra previstos na Lei de recuperación, entre outros

A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, e a Secretaría de Estado de Facenda, por medio da Dirección Xeral do Catastro, colaborarán no establecemento de procedementos de intercambio de información e actualización de datos catastrais. Será mediante un convenio de colaboración que hoxe avaliou o Consello do Goberno galego e que se asinará consonte o establecido pola Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Esta norma permitirá iniciar a actualización do Catastro, unha cuestión que é competencia exclusiva do Estado, a través do Ministerio de Facenda e Función Pública, pero no cal Galicia quere colaborar. Así, grazas a esta lei levaranse a cabo procedementos administrativos de revisión de titularidade, xeométrica e topográfica, daquelas parcelas en que exista un interese por recuperalas e poñelas en valor.

Por iso, a lei establece que, tras ese proceso de revisión, a Xunta notificará os resultados da investigación ao citado ministerio para que proceda á actualización do Catastro, unha vella demanda da cidadanía e, nomeadamente, dos propietarios de parcelas do rural. Este proceso realizarase a través da formalización deste convenio entre a Xunta e o Estado, de cara a facilitar a información recompilada e actualizar con ela o Catastro.

Polo tanto, o principal obxecto desta cooperación é propiciar o intercambio de información derivada, entre outros, dos procesos de investigación da titularidade dos bens inmobles existentes en solo rústico ou de núcleo rural, da revisión xeométrica e topográfica de predios e dos procedementos e instrumentos de mobilización e recuperación de terras levados a cabo pola Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ambas as partes asinantes consideran útil que a Consellería do Medio Rural poida tramitar ante a Dirección Xeral do Catastro as emendas de discrepancias e as audiencias a lindantes, con base nos levantamentos efectuados polo devandito departamento da Xunta nos procedementos administrativos de investigación da titularidade e revisión xeométrica e topográfica.

Grupos de traballo

A colaboración no marco deste convenio levarase a cabo coa creación de varios grupos de traballo, que terán a misión de analizar os posibles procedementos que condúzan á actualización do catastro. Os grupos funcionarán nos seguintes ámbitos: investigación da titularidade; aproveitamentos forestais (cortas); montes veciñais en man común, montes de utilidade pública, montes de varas e montes patrimoniais da Xunta; explotacións agrarias e política agraria común (PAC); reestruturación parcelaria e instrumentos de mobilización e recuperación de terra previstos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e coordinación de actuacións en materia de segregacións.

No primeiro caso, sobre a investigación da titularidade, o grupo de traballo esforzarase en establecer mecanismos de colaboración entre a Xunta e o Catastro que faciliten a remisión da información e documentación obtida a partir dos traballos feitos no marco dos instrumentos de recuperación da terra. En consecuencia, este grupo traballará para coordinar ambas as administracións neste eido, co fin de que a remisión dos datos sexa o máis áxil posible.

O segundo grupo de traballo terá como obxectivo analizar, nun primeiro paso, o grao de coincidencia entre aqueles que se declaran titulares nos aproveitamentos de madeira e os titulares catastrais para, nun segundo paso, establecer un procedemento harmonizado de notificación/comunicación automática de non coincidencias entre as administracións asinantes do convenio.

O grupo de traballo sobre montes veciñais en man común, montes de utilidade pública, montes de varas e montes patrimoniais da Xunta centrarase en analizar a situación, desde o punto de vista catastral, das superficies ocupadas por estes terreos forestais, así como en sinalar a importancia de dispoñer de información e documentación sobre montes deslindados e catalogados.

Dentro do grupo sobre explotacións agrarias e política agraria común (PAC) promoverase o establecemento de protocolos que permitan axustar a información gráfica e alfanumérica das bases de datos dependentes da Xunta e do Estado á realidade existente sobre o terreo.

Lei de recuperación da terra agraria

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo do grupo de traballo de parcelarias e de instrumentos da Lei de recuperación será, en primeiro lugar, facilitar a integración das zonas de reestruturación parcelaria en proceso en Catastro e que ambas as cartografías estean coordinadas desde o inicio do procedemento de reestruturación. Búscase así que se poidan entregar os títulos das parcelas de reestruturación parcelaria xa incorporadas ao catastro e que, ao mesmo tempo, as parcelas queden coordinadas no Rexistro da Propiedade na súa totalidade. En canto ás ferramentas da lei, no caso dos polígonos agroforestais que comporten procesos de reestruturación das parcelas, o protocolo empregado será o mesmo que o aplicado para as concentracións parcelarias.

No caso dos polígonos agroforestais que non impliquen reestruturación, así como nas aldeas modelo e nas agrupacións de xestión conxunta, a Lei de recuperación regula que deben realizarse actuacións de revisión xeométrica e topográfica das parcelas incluídas no seu perímetro, así como de determinación dos seus titulares. De acordo co convenio, establécese agora que os resultados destas actuacións se trasladarán á Dirección Xeral do Catastro para que se poidan iniciar os procedementos de actualización da información cartográfica e da titularidade das parcelas.

Por último, o obxectivo do grupo de traballo sobre segregacións é establecer mecanismos de cooperación entre as partes do convenio, co fin de garantir que os actos de segregación que se incorporen ao Catastro se axusten á legalidade no ámbito rústico. Cómpre ter en conta, neste sentido, que a Lei do solo de Galicia é moi restritiva en materia de segregacións de terreos rústicos. Porén, para os supostos ou excepcións para segregar recollidos na normativa agraria ou forestal, faise necesario coordinar as actuacións para mellorar a eficacia de ambas as administracións que redunde en beneficio do interesado. Neste caso, cómpre explicar que a segregación de predios é un acto que permite que unha leira poida ser subdividida noutras con áreas máis pequenas, para deste xeito poder dispoñer delas separadamente de maneira independente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU 18,5 M€ DESDE 2016 A APOIAR INVESTIMENTOS EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS NO RURAL QUE PERMITIRON CREAR 400 NOVOS EMPREGOS E CONSOLIDAR PRETO DE 3.300 POSTOS DE TRABALLO

- Só na convocatoria deste ano 2023 apoiáronse un total de 70 proxectos, cun orzamento de 2,6 millóns de euros
- O Consello da Xunta analizou o informe da Consellería do Medio Rural sobre o balance das convocatorias destas axudas no período 2016-2024
- Esta convocatoria -igual que a do ano 2022- está orientada á ampliación e/ou modernización de empresas mediante a adquisición de maquinaria e equipamento, así como á posta en marcha de novas actividades empresariais en aldeas modelo

Entre os anos 2016 e 2024 a Xunta destina un total de 18.535.000 euros a financiar as axudas para investimentos en actividades non agrícolas no medio rural, o que contribuíu a crear 400 novos postos de traballo e a consolidar preto de 3.300 empregos. Así se recolle nun informe avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego no cal se fai balance destas achegas, que están orientadas á ampliación e/ou modernización de empresas mediante a adquisición de maquinaria e equipamento destinado a actividades non agrícolas.

Os datos do estudo amosan unha decidida aposta polo reforzamento do tecido empresarial no medio rural, coa finalidade de xerar as condicións necesarias para crear e consolidar emprego e afianzar poboación, con incidencia, desde a entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, nos proxectos que se desenvolvan nos núcleos das aldeas modelo.

Puideron beneficiarse destas axudas tanto microempresas e pequenas empresas situadas en zonas rurais como persoas físicas que residan no rural, así como os titulares dunha explotación agraria -ou membros da súa unidade familiar- que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e desenvolvan os proxectos na propia explotación.

Entre os ámbitos de actividade subvencionables atópanse industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais, a transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, a prestación de servizos en calquera sector económico, a artesanía e actividades de lecer, recreativas, artesanais e deportivas, entre outros.

Última convocatoria

Dentro deste informe, recóllese tamén a resolución da última convocatoria das axudas deste ano para executar ata 2024, na cal se destinan 2.609.816 euros a 70 proxectos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimento en actividades non agrícolas, entre os que se inclúen proxectos para a posta en marcha de novas actividades empresariais en aldeas modelo.

Así, a maioría das empresas beneficiarias das axudas desenvolven a súa actividade empresarial no sector industrial de Galicia e empregarán a axuda para financiar maquinaria e equipamento para melloras tecnolóxicas e competitivas. Ademais, no marco desta convocatoria cómpre facer referencia expresa aos proxectos para a posta en marcha de novas actividades empresariais en aldeas modelo.

En particular, a Xunta apoia un proxecto para a posta en marcha de novas actividades empresariais en aldeas modelo, consistente na instalación dunha empresa que opera no sector das artes gráficas no concello de Quiroga, na aldea modelo de Bustelos de Fisteus.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

